

## CIRCULAR PROBA DE INGLÉS ABAU

2023-24

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:

Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Coa presente circular queremos informar de que a día de hoxe, coa información da que se dispón, o modelo previsto para as probas de inglés (**código 11 e código 63**) na ABAU do curso 2023/24 será de **opcionalidade sen proba auditiva**.

Deste xeito, o exame constará de tres cuestións, cada unha delas con varios subapartados. Cada cuestión terá un valor de 5 puntos. O alumnado deberá escoller soamente **dúas das tres cuestións**. No caso de que conteste máis de dúas, só se corrixirán as dúas primeiras preguntas que responda.

### **1ª CUESTIÓN (5 puntos)**

#### **1.1. COMPRESIÓN DE TEXTO ESCRITO (2,5 puntos)**

**1.1.1. Indicate whether the following statements are true or false (T/F) according to the information provided in the text. Copy the part (and ONLY that part) of the text which justifies your answer. (1.5 points)**

Esta pregunta pretende comprobar a comprensión de cuestións concretas do texto. Consta de 6 apartados onde alumnado terá que decidir se a información exposta en cada apartado é verdadeira ou falsa e indicar **a parte concreta do texto que xustifica a súa resposta**. Se non se xustifica a resposta, a puntuación será de 0. Se non se indica "true" (T) o "false" (F) a puntuación será de 0. O alumnado debe responder en inglés utilizando "true" ou "false" e non os seus equivalentes en castelán ou galego.

**1.1.2. Find words or phrases in the text that have the same meaning as the words and definitions provided. (1 point)**

Esta pregunta consta de varias palabras ou frases. Trátase de que o alumnado busque palabras ou grupos de palabras no texto que correspondan no seu significado a cada unha das palabras ou frases do exame. Dado o carácter inevitablemente aleatorio desta pregunta, recoméndase que o profesorado traballe co seu alumnado a capacidade de inferir o significado das palabras a partir do contexto no que aparecen.

#### **1.2. ANSWER THE QUESTIONS BELOW (2.5 points)**

**1.2.1. Complete the second sentence of each pair so that it has the same meaning as the first one. You must use the word or expression in italics. (2 points)**

Esta pregunta consta de varios apartados. Aparece a frase modelo e unha palabra ou frase en cursiva que haberá que utilizar para facer a transformación. Hai que construír unha frase gramaticalmente correcta sen variar en absoluto o significado da frase modelo. As frases utilizadas non teñen que estar necesariamente sacadas do texto, o que permite unha maior versatilidade á hora de elaborar o exame. Con esta pregunta preténdese medir a competencia lingüística (gramatical) do alumnado ligada ás distintas funcións comunicativas (como formular hipóteses, dar explicacións, argumentar, suxerir, etc.). Poderá versar sobre calquera dos aspectos gramaticais propios do nivel de bacharelato conforme á normativa vixente.

#### **1.2.2. Pronunciation. (0.5 points)**

Consta de varios apartados, a suma dos cales terá cinco ítems para identificar. A formulación da pregunta pode facerse de distintos xeitos, tal e como se mostra no modelo de exame. Búscase que o alumnado sexa capaz de identificar como se pronuncia unha determinada palabra ou unha parte dela. As palabras utilizadas na pregunta non teñen que estar sacadas do texto necesariamente.

## **2ª CUESTIÓN (5 PUNTOS)**

### **2.1. COMPRENSIÓN DE TEXTO ESCRITO (2,5 puntos)**

**2.1.1. Indicate whether the following statements are true or false (T/F) according to the information provided in the text. Copy the part (and ONLY that part) of the text which justifies your answer. (1.5 points)**

Os criterios de valoración son os mesmos ca os indicados para a pregunta 1.1.1.

**2.1.2. Find words or phrases in the text which have the same meaning as the words and definitions provided. (1 point)**

Os criterios de valoración son os mesmos ca os indicados para a pregunta 1.1.2.

### **2.2. WRITE A COMPOSITION ANSWERING THIS QUESTION/ THESE QUESTIONS (2.5 points)**

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Valoraranse os seguintes parámetros:

- **Contido e extensión:** O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Cúmrese o obxectivo e a extensión da tarefa. Non se repiten ideas innecesariamente. Demóstrase madurez e autonomía comunicativas. (0,6 puntos)
- **Riqueza e control do vocabulario.** Preséntase un uso flexible e correcto dun léxico rico e variado adecuado para o tema proposto segundo o nivel requirido. Arríscase no uso de certas expresións sen abusar de expresións idiomáticas. (0,7 puntos)
- **Corrección gramatical, ortografía e puntuación:** O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir a -s da 3ª persoa do singular do presente habitual (*she readS*), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros. Hai poucos erros ortográficos e empréganse correctamente os signos de puntuación. (0,6 puntos)
- **Cohesión e coherencia:** O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. (0,6 puntos)

**Nota importante:** Se o contido da composición non se adecúa ao tema requirido a puntuación da pregunta será de 0 puntos.

## **3ª CUESTIÓN (5 puntos)**

### **3.1. ANSWER THE QUESTIONS BELOW (2.5 points)**

**3.1.1. Complete the second sentence of each pair so that it has the same meaning as the first one. You must use the word or expression in italics. (2 points)**

Os criterios de valoración son os mesmos ca os indicados para a pregunta 1.2.1.

### **3.1.2. Pronunciation. (0.5 points)**

Os criterios de valoración son os mesmos ca os indicados para a pregunta 1.2.2.

### **3.2. WRITE A COMPOSITION ANSWERING THIS QUESTION/ THESE QUESTIONS (2.5 points)**

Os criterios de valoración son os mesmos que os indicados na pregunta 2.2.

O presente modelo de exame pretende que todo o alumnado teña que responder, como mínimo, unha pregunta de contido gramatical, unha pregunta de pronuncia, unha pregunta de comprensión lectora e unha pregunta de produción escrita.

Desexámosvos un moi bo curso.

Saúdos cordiais,

Grupo de Tráballo de inglés.

19 de setembro de 2023